

A/A D. Julio García Comesaña, Conselleiro de Sanidade

A/A D. José Flores Arias, Director Servicio Galego de Saúde

Edificio Administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela.

A asociación querENDO Mulleres con endometriose, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia co N° 2015/019024, con CIF G-70.440.573 e domicilio Social en Duomes, 26 15862 A Baña.

Manifesta:

1. O noso total rexeitamento á nova anunciada o 12 de maio dende a Consellería de Sanidade informando de que a presencialidade das consultas en Atención Primaria non recuperará as cifras de antes da pandemia, senón que soamente se chegará a un 60% desas consultas.
2. Que recoñecemos o traballo e o esforzo que durante toda esta situación asumiu o persoal médico e de enfermaría da Atención Primaria, así coma o PSX.
3. Que apoiamos tódalas reivindicacións vertidas polos distintos colectivos médicos e de enfermaría así coma sindicatos e asociacións profesionais para a recuperación dunha Atención Primaria digna e de calidade.
4. Que instamos tanto ao SERGAS coma á Consellería de Sanidade a que doten á Atención Primaria de tódolos profesionais necesarios para un bo funcionamento.

Por todo isto, vimos manifestar formalmente o apoio da asociación querENDO Mulleres con endometriose a todo o persoal da Atención Primaria do noso sistema sanitario publico.

E, para que así conste, asinamos a presente a 12 de maio de 2021.